

I. PLAN ANUAL

A elaboración do plan anual nun CPI é unha tarefa complexa no sentido de que supón a planificación e organización de actividades docentes e non docentes que afecten, de xeito conxunto ás veces ou separado noutras, a tres etapas educativas con obxectivos non sempre coincidentes: Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria. A nosa intención é elaborar un Plan que contemple o centro educativo como un todo, atendendo ás súas necesidades xerais, evitando a desconexión entre profesorado e alumnado das diferentes etapas educativas, plantexando actividades colectivas nas que os diversos colectivos se integren nun obxectivo común como é a educación.

Polo antes exposto, damos moita importancia ó traballo dos diferentes equipos e departamentos, buscando foros (claustro, reunións de ciclo ou etapa, ...) donde se debatan e tomen decisións sobre temas de interese común, coordinándose de xeito que os intereses particulares non primen sobre o interese xeral.

Tomando en conta o antes dito, o recollido na Memoria Final do curso 2002-2003 e o exposto polos profesores e profesoras na última xuntanza do claustro do curso anterior, os principais obxectivos a acadar de cara a este curso son os seguintes

1.- Aumenta-las posibilidades de coordinación entre o profesorado:

- Confección dos horarios tendo en conta as necesidades de reunión do profesorado. Ademais das sesións establecidas legalmente, realizarase sempre que sexa posible, unha sesión semanal de coordinación de ciclo, dentro do horario lectivo. O profesorado de E.P. e E.S.O. que comparte aula e materiais específicos (E.Física, Música, Inglés de E.P.) tamén se tentará que dispoña dunha sesión semanal para coordinación. Tamén se terá en conta a posibilidade dunha reunión quincenal dos titores do mesmo ciclo coa Xefa do Departamento de Orientación.

- Potencia-lo labor da Comisión de Coordinación Pedagóxica, para favorece-la colaboración entre os distintos ciclos e etapas.

- O Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares, ademais do Xefe do Dpto., a encargada da Biblioteca, e as Xefas de Estudos, estará formado, para cada celebración ou actividade colectiva relacionada cos temas transversais, por outros/as profesores/as que colaborarán na organización da mesma. A totalidade do profesorado do centro participa na organización dalgunha destas actividades.

2. Utilización das novas tecnoloxías.

- Logo de realizar o derradeiro curso un Proxecto de Formación en Centros relacionado con esta área, tentarase que tódolos alumnos e alumnas do centro utilicen na medida do posible a aula de Informática para a realización de diferentes tarefas.

- Está prevista a posta en marcha dun proxecto con alumnos do 3º Ciclo de Educación Primaria que, baixo o título “Uso do correo electrónico na correspondencia escolar”, buscará a iniciación dos alumnos e alumnas na utilización desta ferramenta e a súa relación con compañeiros e compañeiras doutros centros escolares.

3.- Organización do labor tutorial

- Neste ano tentarase coordina-lo traballo dos diferentes titores establecendo sesións de reunión dos titores de cada ciclo coa responsable do Departamento de Orientación, revisando o Plan de Acción Tutorial elaborado en cursos pasados.

4.- Fomentar entre o alumnado a capacidade de reflexión e os valores de respecto mutuo e colaboración

- Regulando as reunións mensuais da Xunta de Delegados, e programando reunións trimestrais dos representantes do alumnado co equipo directivo.
- Revisando o Regulamento de Réximen Interno coa intención de mellora-lo clima de convivencia no centro.
- Continuando co desenvolvemento do Plan de Prevención de Drogodependencias.
- Implicando ó alumnado en tarefas de elaboración da revista escolar.
- Fomentando a recollida de pilas e papel para reciclaxe.
- Establecendo, se fose preciso, quendas de limpeza e mantemento de patio.

5.- Actividades extraescolares

- Revisarase o Regulamento de Actividades extraescolares, tentando evitar neste curso as posibles deficiencias detectadas en cursos anteriores.
- Fomentarse a realización de actividades que complementen o traballo realizado nas aulas, procurando amplia-la oferta cultural dos nosos alumnos e alumnas.
- Aínda que o programa de actividades será incluído no capítulo 2 desta programación, compre destacar a previsión da realización dun intercambio escolar entre alumnos e alumnas de francés do noso centro e compañeiros dun centro de Francia.

5.- Mellora das instalacións

- Ó longo deste curso está prevista a posta en marcha dun proxecto de construción dun Salón de Actos no baixo do edificio administrativo do centro, dentro do programa PRODER, en colaboración co Concello de Rois e outras entidades.
- Tamén se farán as xestións oportunas para a adecuación do patio de Educación Infantil á lexislación vixente e ás necesidades do centro.
- Tamén está prevista a posta en marcha dunha Escola de Música de xestión municipal no local da vivenda do conserxe de secundaria.
- Por último faranse xestións encamiñadas a posibilitar a construción dun patio cuberto e a mellora-los accesos ó centro e os aparcamentos do transporte escolar.

6.- Oferta educativa

- A pesares de que este ano non se impartirá un Programa de Garantía Social por falta de alumnado solicitante do mesmo, a nosa intención será sempre que a oferta educativa do CPI Dos Dices sexa o máis variada posible.
- Este ano creouse no centro unha Sección Europea na área de Tecnoloxía, en lingua inglesa, da que se beneficiarán varios alumnos e alumnas de 3º de ESO. Tamén se amplía a oferta de materias optativas en 4º de ESO.
- De cara ó vindeiro curso, será importante informar e orientar ós alumnos e alumnas sobre os cambios no sistema educativo, coa aparición de novas opcións (e a desaparición de outras).

II. HORARIO XERAL DO CENTRO

1.-HORARIO LECTIVO

O C.P.I. de Dices-Rois, dispón dun Servicio de Transporte Escolar que se combina co do C.P.I. de Dodro, polo que o horario precisa axustarse a esta circunstancia, así como ós distintos períodos de permanencia no centro do alumnado de E.Infantil, E.Primaria e E.S.O.

O horario xeral do centro é de 9.30 h. a 13.30 h. e de 15.00 h a 16.40 h, sendo que o alumnado de E.Infantil e E.Primaria non ten clase os xoves e venres pola tarde, por completalo seu horario lectivo no resto da semana.

Para facilita-la organización das actividades docentes e a coincidencia de recreos, entradas e saídas, o horario de E.Primaria distribúese en 28 sesións lectivas semanais, que fan un total de 25 horas.

O número de sesións adicadas a cada materia, segundo consta no P.C.C. é o seguinte:

Distribución horaria en E.Primaria	Sesións	Sesións
	1º Ciclo	2º e 3º Ciclos
Lingua Galega e Literatura	5	4
Lingua Castelá e Literatura	5	4
Inglés	2*	4
Aspectos comúns das linguas	1 (Lectura)	1 (Lectura)
Música	1	1
Plástica	1	1
E.Física	2	2
Matemáticas	5	5
C.do Medio	5	5
Relixión/Estudio	1	1
TOTAL	28	28

*Dende o curso 1999-2000 o centro realiza con carácter experimental o Proxecto de anticipación da Primeira Lingua Estranxeira no segundo ciclo de E.Infantil e no primeiro ciclo de E.Primaria

2.-DIAS NON LECTIVOS

Escolleuse como festa patronal a de S. Xosé de Calasanz, que este ano trasládase ó día 28 de novembro, e solicitouse a concesión como non lectivos, por razóns de tradición local, dos días 25 de febreiro e 18 de maio.

3.-HORARIO DOS DISTINTOS SERVICIOS E INSTALACIÓNS:

Dentro do horario lectivo estarán dispoñibles para o alumnado:

-Biblioteca:

Unha sesión semanal para cada grupo de E.P ., e dúas sesións para cada grupo de E.S.O., segundo horario establecido.

Permanecerá aberta durante os recreos, así como os mediodías dos luns, martes e xoves para o alumando usuario do comedor.

-Laboratorio:

Pode ser utilizado por cada grupo durante unha sesión semanal, segundo horario establecido

-Campos de xogo (*Futbito e baloncesto*):

Utilízanse, segundo quendas para os distintos cursos e grupos, durante os recreos das mañáns e ó mediodía polo alumnado que fai uso do servico de comedor.

-Polideportivo Municipal:

Permanece a disposición do colexio dentro do horario lectivo. As clases de E.Física teñen lugar no mesmo.

-Aula de Informática :

Ademáis das clases de Iniciación á Tecnoloxía Informática de 4º de E.S.O, será utilizada en parte do ano polos grupos de 1º e 3º de ESO nas clases de Tecnoloxía. Tamén poderá ser usada polos restantes grupos e profesores agás en 2 horas semanais reservadas para mantemento dos equipos

-Centro de recursos de E.P.:

Utilízase como sala de proxeccións de videos para o alumnado de E.I. e E.P. durante 20 sesións semanais.

4.-HORARIO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

O profesorado dispón dunha sesión semanal para entrevistarse coas familias do alumnado, aínda que calquera pai/nai que non poidera atere a este horario será atendido noutro que se acorde previamente.

5.-HORARIO DE APERTURA DO CENTRO Á COMUNIDADE ESCOLAR

O centro permanecerá aberto á comunidade escolar (A P.A., Escola de Pais, etc.), previa autorización do Consello Escolar, sempre e cando se comprometa a respectar debidamente as instalacións e o equipamento do mesmo.

6.-HORARIO DE VERÁN

Durante o mes de Xullo a Secretaría do centro permanecerá aberta ó público dende as 10.00 ata as 13.00 h.

III.- SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

1. TRANSPORTE ESCOLAR:

Servicio Ordinario:

<i>Ruta</i>	<i>Itinerario</i>	<i>Alumnos/as</i>
1	Veiga Piñeiros-Sixto-Codesido-Ribasar Igrexa-Francelos-Francelos Pereira-Tourís 2-Tourís1-Lamego2-Lamego1-C.P.I.	39
2	Casas do Porto-Formarís-Vilares-Seira-Del Río-Ponte Moeiro-C.P.I.	18
3	Fontedelo-Campo Lamela-Silvarredonda-Socastro -C.P.I.	17
4	Vilar de Abade-O Pillo-Riobó-Sorribas-Veiga Tourís-Seaxe-Meana-Casal-Cruceiro-Peruca2-Peruca1-C.P.I.	55
5	Espiñeira - Chisca-Xei-Buxán-Picadizo-Piñeiro- O Tato - Rois de Arriba - C.P.I.	25
6	Cubela-Herbogo-Soutelo- Veiga Rubieiro - Casas Novas - Carrais1- Carrais2-Aido1-Aido2-A Pontenova	47
7	Barreiro-Martelo-Sabacedo-Penavide- Albagueira - Busto- Cruce de Porto - Vilachán-Vilariño-Duei--Senra-Pedrouzos-Salgueiros-Leroño-Cobas-C.P.I.	34
8	Verduga-Urdilde-Figueroa-Vilariño-Quintáns-Bralo-Liñares-Souto-Ferreiros-C.P.I.	20
9	Cornes-C-P-I.	14

Servicio de mediodía:

<i>Ruta</i>	<i>Itinerario</i>	<i>Alumnos/as</i>
1	C.P.I.-Del Río-Seira-Lamego1-Lamego2-Meana-Seaxe - Veiga Tourís - Sorribas	46
3	C.P.I.-Ponte Moeiro-Peruca1-Peruca2-Cruceiro-Casal	25
6	C.P.I.-A Pontenova-Aido2-Aido1-Carrais2 - Carrais 1-Veiga Rubieiro-Soutelo-Herbogo-Cubela	46
9	C.P.I.-Cornes	14

Estes servicios son realizados pola empresa Hdos. Francisco Gey González S.L., agás as rutas nº 7 e 8, das que é usuario o alumnado de E.S.O. procedente do C.E.I.P. de Urdilde, que son realizadas pola empresa Viaxes Rois, S.L.

2. COMEDOR ESCOLAR:

O alumnado come nun único turno, agás o que serve as mesas que o fai cando todos os demais remataron a comida. Estes últimos pertencen os cursos de E.S.O., e actúan segundo quendas establecidas polo encargado de comedor.

O número de becas de E.S.O. é de 91 e o número de becas promedio de E.P é de 42.

Durante este curso ofertanse 10 prazas vacantes para non becarios, establecendo o seguinte baremo para a súa adxudicación:

1ª) Nai ou pai solteira/o, separada/o legalmente, divorciada/o, ou viuda/o, que teña o fillo/a ó seu cargo, traballe fóra da casa e non conviva con outros familiares (abuelos/as, tios/as...) que poidan atender ó seu fillo/a en horario de comedor escolar.

2ª) Que a nai e o pai traballen fóra da casa e non convivan con outros familiares (abuelos/as, tios/as...) que poidan atender ó seu fillo/a en horario de comedor escolar.

3ª) Maior número de fillos escolarizados no centro.

4ª) Maior distancia entre o domicilio e o centro que ten que percorrer o alumnado que non dispón de transporte escolar ó mediodía

5ª) Menor tempo dispoñible para xantar.

Nº de usuarios do comedor:

Persoal laboral: 5

Profesorado colaborador: 15

Alumnado con beca:

Luns, Martes e Mércores: 133

Xoves e venres: 92

Orzamento:

SALDO a 15 de Setembro de 2003.....17191 €

Ingresos:

Delegación.....39000 €

Aportación voluntaria becarios1800 €

Cuotas alumnado no becario.....3200 €

TOTAL: 61191 €

Gastos:

Alimentación.....39000 €

Material de limpeza.....900 €

Reparacións e reposición menaxe.....1900 €

Retribución Encargado de comedor.....1600 €

Retribución Director.....1600 €

TOTAL.....45000 €

SALDO previsto 1 de Xuño de 2004..... 16191 €

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL
(Capítulo I)

C.P.I. DOS DICES
CURSO 2003 - 2004